

Sobre Lukumí

Paraísos e utopías fanadas



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Alfredo Conde publica con regularidade; agasallando os seus lectores con obras importantes e dándolle vida a apreciables fabulacións, tal e como acontece coa súa última novela, *Lukumí*, editada ao mesmo tempo en galego por Galaxia e en español pola histórica Editorial Bruguera, que estrea o seu renacer precisamente coa novela de Conde. O autor aposta pola dobre versión como unha forma lexítima de obter lectores. Pasaron os anos e Conde, que hoxe xa non é o estómago agradecido de ningún grupo editorial nin o intelectual orgánico da Xunta, está logrando que se xulgue a súa obra sen paralaxes extraliterarias, separando a obra literaria da personalidade de seu autor e tendo en conta unicamente os méritos ou deméritos da mesma.

Froito do proceso da dobre versión, vén de aparecer *Lukumí*, unha novela de contido polémico que demanda, xa que logo, un lector desapaixonado, disposto a somerxerse na historia narrada, que é á vez saga familiar e retrato dun personaxe singular, mestura de pícaro e de espectador acomodaticio, aínda que sempre escéptico fronte aos espazos políticos e ideolóxicos de calquera natureza. E como fío condutor da fabulación e tema de fondo da mesma, o intento de reflectir, en clave ficcional, tanto as miserias do socialismo da Cuba castrista como as ilusións abortadas por culpa do capita-



t a en primeira persoa o seu periplo vital que o levará á terra dos avós brancos vindo da das avoas negras. Recúa neste percorrido ata a época colonial, escoitando nas verbas da avoa o retrato da Cuba do século XIX, os duros tempos da escravitude, a xenealoxía dos devanceiros da indomable nación africana lukumí. Soña asemade as historias da súa vella casa galega e medra envolto pola cara amable do Sistema, entre a flor e a nata da Revolución. Son os seus anos de aprendizaxe da vida nun “paraíso” comunista ao que olla con escaso fervor revolucionario, aínda que sabéndoo disimular habilmente. O seu sangue galego empúrrao a desconfiar do “paraíso” revolucionario marxista, pero, reclamado polo avó galego, recala en Galicia onde tamén olla e observa para se atopar co definitivo desengano: as miserias superlativas do capitalismo. Xa que logo, a mirada que o narrador dirixe á Revolución é certamente irónica e crítica, pero á vez ateigada da melancolía do que puido ser e non foi.

Coido que o narrador evita os maniqueísmos de calquera signo e interpreta a realidade dun xeito desapaixonado. É a crúa realidade de ambos os dous sistemas a que, neste axuste de contas, se acaba por impor. Os esteos formais nos que se alicerza esta boa novela, son unha prosa fluída, sen asolagamentos líricos, un ritmo áxil, cun tempo do discurso que segue a mesma dirección do tempo da historia, aínda que inzado desas paradas tan devecidas pola escrita condiana, nas que o protagonista libera o peso da memoria. Un final aberto, que nos permite pensar en segundas partes, e a mesma estratexia narrativa que emprega o autor nas súas últimas obras – entrar na personalidade do protagonista –, usada con mestría e comodidade, fai que o relato gañe vesosemellanza, tan necesaria sempre pero sobre todo cando se fabulan utopías fanadas.

CONDE, Alfredo, *Lukumí*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 237 páxinas

MIRADA QUE DIRIXE
O NARRADOR É
IRÓNICA E CRÍTICA,
PERO TAMÉN ESTÁ
ATEIGADA DE
MELANCOLÍAS

lismo salvaxe de Galicia, un país de pícaros de altos voos, igual de listos e astutos que os da Illa caribeña. Trama argumental e núcleo temático aparecen reflectidos no seguimento que se fai na novela dun só personaxe, Estevo, un pícaro de fasquía semellante á dos da novela picaresca española. Fillo de pai galego de pelo dourado enmeigado pola Revolución, e dunha negra que bailaba na Tropicana, o protagonista rela-